RESOLUCIÓN POLA QUE SE EMITE AUTORIZACIÓN PREVIA PARA A SUBCONTRATACIÓN DE PROXECTOS QUE SUPEREN OS SESENTA MIL EUROS.

Asunto:	Autorización previa para a subcontratación	**Procedemento:** PE211A
Persoa interesada	Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89)	**NIF:** G36121861
Medida/s PPEC:	**202489S3M05** - Mejora de las condiciones de trabajo e higienización en el centro de clasificación y en el centro de promoción multiusos de los productos bivalvos y mejora de los operativa de clasificación y de logística de almacenamiento.	**Ano PPEC:** 2024
Data de inicio:	19.09.2024	
Forma de inicio:	Solicitude do interesado	
Proxecto:	Obra de mellora de naves en peirao de O Ramal, Vilagarcía de Arousa, (acondicionamento interior de zona administrativa e de zona de clasificación no centro clasificación e instalación de carpintería exterior no centro de promoción) para a mellora das condicións de traballo e de seguridade e o desenrolo das tarefas de clasificación e almacenaxe no centro de clasificación e no centro multiusos de promoción	

ANTECEDENTES

1. O 30.10.2023 a Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89) presentou un Plan de Produción e Comercialización (PPEC) para o ano 2024.

Posteriormente, o 27.11.2023 a unidade tramitadora da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica remitiu á organización de produtores un escrito concedendo un prazo de (10) días para a emenda dos erros ou deficiencias detectadas no citado plan.

O 28.11.2023 presentan unha mellora voluntaria do plan coa incorporación de documentación adicional e o 04.12.2023 o representante da Organización Empresarial Parquistas de Carril OPP-89 presentou documentación de resposta ao requirimento.

O plan foi aprobado por resolución da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica do 15.12.2023.

2. O 08.07.2024 a Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89) presentou un Plan Revisado de Produción e Comercialización (PPeC) e o 12.07.2024 unha unha mellora voluntaria da solicitude de dito plan.

Este plan-revisado (PpeC-REV 2024) foi aprobado por resolución da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica do 22.07.2024.

CVE: 3wFjs3F5roi6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. Entre as medidas aprobadas no PpeC-REV 2024 figura a medida "*Mejora de las condiciones de trabajo e higienización en el centro de clasificación y en el centro de promoción multiusos de los productos bivalvos y mejora de los operativa de clasificación y de logística de almacenamiento*" de código 202489S3M05, que ten como finalidade actuar sobre dous grandes obxectivos: «*uno centrado en la mejora de la operativa de clasificación y gestión logística y otro centrado en ofrecer unas mejores condiciones de trabajo a los usuarios y personal de logística del centro de clasificación y promoción*».

A resolución do 22.07.2024 aprobou un gasto total para esta medida de 465.960,00€, co seguinte detalle:

ANO	MEDIDA	GASTOS TITULAR	GASTOS XESTIÓN	GASTOS IVE (non recuperable)	TOTAL
2024	202489S3M05	0,00€	465.960,00€	0,00€	465.960,00€

4. O 19.09.2024 a OPP-89 solicitou, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, unha autorización previa para a contratación da obra de mellora de naves sitas no muelle do Ramar (Vilagarcia de Arousa).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O punto 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que cando a actividade concertada con terceiros sobrepase o 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se subscriba por escrito.

b) Que a súa subscrición se autorice previamente pola entidade concedente da subvención na forma que se determine nas bases reguladoras.

O punto 4 deste mesmo artigo indica que "*Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior*"

As particularidades das axudas aos Plans de Produción e Comercialización (PPeC) das OPP, onde a execución das medidas aprobadas no marco destes PPeC obxecto do posible apoio financeiro ten lugar con anterioridade á aprobación do informe anual e con anterioridade á publicación da orde pola que se convocan as axudas correspondentes e, polo tanto, non se dispón das cifras exactas de, por unha parte, o importe de contratación final e, por outra, do importe da subvención a conceder, aconsellan que se realice a autorización do contrato para todas aquelas subcontratacións inicialmente previstas no PPeC de máis de 60.000€, independentemente de que despois, axustándose aos datos concretos de cada subcontratación realizada pola OPP, esta autorización previa sexa un requisito esixible na tramitación da subvención ou non.

2. O punto 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá

CVE: 3wFjs3F5roi6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

Compróbase que entre a documentación presentada figura a acreditativa da licitación: o prego de prescricións técnicas, a invitación escrita a empresas, actas da mesa de contratación e resolución da mesma, declaración responsable da OPP, indicando que a empresa seleccionada non está incluída en ningún dos casos especificados no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas nas disposicións vixentes, e que non incorre en ningún dos supostos de prohibición de contratar aos que se refire o artigo 71 da LCSP, e o borrador do contrato así como o poder de representación dos asinantes por parte da OPP e da empresa seleccionada.

3. Visto informe da unidade tramitadora

De acordo co anteriormente exposto e tendo en conta as competencias atribuídas á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica no Decreto 210/2022, do 1 de decembro, que modifica o Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da consellería do Mar,

RESOLVO, autorizar a subscrición da contratación do proxecto superior a sesenta mil euros no marco dun plan de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros:

Entidade contratante: Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89) **NIF:** G36121861

Entidade contratista: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. **NIF:** A70319678

Obxecto do contrato: "obra de mellora de naves en peirao de O Ramal, Vilagarcía de Arousa, (acondicionamento interior de zona administrativa e de zona de clasificación no centro clasificación e instalación de carpintería exterior no centro de promoción) para a mellora das condicións de traballo e de seguridade e o desenrolo das tarefas de clasificación e almacenaxe no centro de clasificación e no centro multiusos de promoción"

Importe do contrato: 169.900,69 € (sen IVE)

Ámbito do proxecto: Acción 2 da medida 202489S3M05 do plan de produción e comercialización (REVISADO) aprobado para o ano 2024 da OPP89.

A medida conta cun orzamento aprobado de 465.960,00€ (sen IVE) sendo potencialmente beneficiaria dun cofinanciamento polo FEMPA dun 70%.

CONDICIONANTES:

A presente autorización para a subscrición da contratación en ningún caso implica dereito ou mérito para a concesión de axuda.

CVE: 3wFjs3F5roi6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Esta autorización, en virtude do establecido no punto 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás seguintes CONDICIÓNS e OBRIGAS:

1. Non poderá procederse á execución do contrato con carácter previo á súa subscrición, e de ser así esa parte executada non será considerada subvencionable.

2. A subvencionabilidade desta medida estará suxeita a que a mesma sexa recollida na resolución de aprobación do correspondente informe anual de actividades e ao cumprimento dos requisitos que se determinen nas bases reguladoras para a concesión de axudas ás organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización.

3. No caso de que algunha actuación desta medida implique a realización de obras ou adquisicións de equipamentos e subministracións que impliquen obra, un funcionario designado pola Consellería do Mar deberá levantar acta de non inicio, sempre a petición da OPP, antes de comezala. De ser este o caso, realizarase unha visita para a certificación de fin de obra, que deberá solicitar a OPP, para verificar a realización do proxecto previa ao pagamento. Esta visita realizarase como máximo ata a data establecida a tal efecto na resolución pola que se aproba o Plan de Produción e Comercialización, ou, no seu defecto, ata a data máxima de presentación do informe anual de actividades

4. A Consellería do Mar poderá, en calquera momento, realizar as comprobacións que considere oportunas para verificar a efectiva e correcta realización dos investimentos.

5. Dado que esta autorización faise no marco da Lei de subvencións de cara ao apoio financeiro á realización e preparación dos Plans de Produción e Comercialización das OPPs, a entidade solicitante deberá adoptar as medidas de difusión establecidas na normativa aplicable[1] para darlle adecuada publicidade ao carácter público deste financiamento.

6. A concesión desta autorización non exime da obtención doutras autorizacións ou permisos necesarios para a realización das obras obxecto deste contrato.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira do Mar, no prazo de un (1) mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano competente desta orde xurisdicional no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos os dous casos, a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Mediante este documento notifícase á Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89) a presente resolución, segundo o esixido no artigo 40º da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

1 artigo 31 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; artigo 60 do Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
Praza de Europa 5A - 4º - 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 63 47 – dxpait.mar@xunta.gal

CVE: 3wFjs3F5roi6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

Asinado por: BASANTA FERNANDEZ, ANTONIO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 04/10/2024 10:41:30

CVE: 3wFjs3F5roi6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
Praza de Europa 5A - 4º - 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 63 47 – dxpait.mar@xunta.gal